

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	8 de abril de 2019
Duración	Desde as 19:25 ata as 20:00 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ





Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 18 de marzo de 2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada en data 18 de marzo de 2019.

Expediente 1824/2019. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P. A. D., administrador da comunidade de propietarios do edificio "San José, nº X", na que reclama a instalación de pivotes ou repintado de zona amarela por estar borrada.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 28.03.2019 pola policía local, que indica o seguinte:

"Informe: a Policía Local de Cangas con relación á solicitude de P. A. D., informa que procede ao repintado de amarelo da zona raiada, xa que está practicamente borrada, tal e como se aprecia na foto".

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe da policía local, acorda autorizar a sinalización horizontal da zona raiada, consistente no repintado de amarelo.

Expediente 2068/2019. Anexo ao Plan de ocupación e explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello de Cangas-2019

Non hai acordo

Motivo: Falta de quórum

Vista a proposta da alcaldía de data 04.04.2019, referente a aprobación de anexo ao plan de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2019, que consiste en solicitude de autorización para instalación de parque acuático na praia de Rodeira.

A Xunta de Goberno Local, acorda denegar a proposta da alcaldía referida a aprobación de anexo ao plan de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2019, que consiste en solicitude presentada para instalación de parque acuático na praia de Rodeira, porque entenden que non é unha actividade propia dunha praia urbana nin reflexa o modelo turístico que busca Cangas.





Expediente 775/2019. Solicitud de ocupación da vía pública con atraccións		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
Vista a proposta emitida en data 04.04.2019 polo departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos xardíns do Señal.		
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a seguinte ocupación de vía pública:		
* A E. M. B.T., con NIF X e con enderezo en rúa Ferreira Porteliña, nº X 36163-Poio (Pontevedra) para a instalación de atracción, consistente en carrusel infantil "torito mini rodeo", cunha ocupación de 27,00 m2., durante os días que van do 13 ao 21 de abril de 2019, nos xardíns do Señal (a montaxe será para o día 12 de abril en horario de tarde e retirada o 22 de abril pola mañá).		
Condiciónase a presente autorización á vixencia da póliza de responsabilidade civil, requisito sen o cal non se autoriza a referida ocupación de vía pública.		

Expediente 2058/2019. Solicitud de ocupación da vía pública con posto de rosquiñas		
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento	
Vista a proposta emitida en data 04.04.2019 polo departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos xardíns do Señal.		
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a seguinte ocupación de vía pública:		
* A M. A. M. D., con NIF nº X e con enderezo no lugar de Devesa-Matamá, nº X-36201- Vigo (Pontevedra), para a instalación solicita a instalación dun posto de rosquillas cunha ocupación de 12,00 m2., durante os días 19, 20 e 21 de abril de 2019, na Avda. Eugenio Sequeiros, fronte á praza de abastos (a montaxe será para o día 19 de abril en horario de 14,00 horas e retirada o 22 de abril pola mañá).		

Expediente 1488/2019. Solicitud de ocupación da vía pública con atraccións		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
Vista a proposta emitida en data 04.04.2019 polo departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos xardíns do Señal.		
A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a seguinte ocupación de vía pública:		





* A L. S. A., con NIE nº X e con enderezo no Lgar. A Relva, nºX -Torneiros-36410 (Porriño), para a instalación de atracción, consistente en carrusel de cadeas cunha ocupación de 25,00 m2., e unha mesa de aire cunha ocupación de 5,00 m2., durante os días que van do 13 ao 21 de abril de 2019, nos xardíns do Señal (a montaxe será para o día 12 de abril en horario de tarde e retirada o 22 de abril pola mañá).

Condiciónase a presente autorización á vixencia da póliza de responsabilidade civil, requisito sen o cal non se autoriza a referida ocupación de vía pública.

Expediente 753/2019. Solicitud de ocupación da vía pública con atraccións

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a proposta emitida en data 04.04.2019 polo departamento de xestión de ingresos tributarios, para ocupación de vía pública con atraccións na esplanada dos xardíns do Señal.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a seguinte ocupación de vía pública:

* A M. A. D. T., con NIF nº X e con enderezo no Lgar. Valbón-Agudelo, nº X-36190-Barro (Pontevedra), para a instalación de atracción, consistente en un tirachinas cunha ocupación de 30,00 m2., unha cama elástica cunha ocupación de 36,00 m2., e un posto de améndoas cunha ocupación de 3,00 m2., durante os días que van do 13 ao 21 de abril de 2019, nos xardíns do Señal (a montaxe será para o día 12 de abril en horario de tarde e retirada o 22 de abril pola mañá).

Condiciónase a presente autorización á vixencia da póliza de responsabilidade civil, requisito sen o cal non se autoriza a referida ocupación de vía pública.

Expediente 1695/2019. Solicitud de ocupación da vía pública con posto de melóns e sandías en Rodeira

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe-proposta emitido en data 04.04.2019 polo departamento de xestión de ingresos tributarios e coas condicións indicadas no presente acordo, referente á solicitude para ocupación de vía pública coa instalación de caseta para venda de melóns e sandías en Rodeira, que di o seguinte:

"Informa:

Con data con data de rexistro de entrada de 20 de marzo de 2019, P. M. Á. co NIF X e M. N. C. co NIF X e con enderezo en rúa La Cañada,





nº X (47150) Valladolid, solicitan permiso para a instalación temporal de unha caseta de 12,00 m2., para a venda polo miúdo de sandías e melóns na denominada esplanada-aparcamento de Rodeira desde o 1 de xuño ao 31 de agosto de 2019.

Tendo en conta a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOPPO nº 248 de 30 de decembro de 2013).

Proposta: ocupación de vía pública dunha caseta de 12,00 m2., na denominada esplanada-aparcamento de Rodeira desde o 1 de xuño ao 31 de agosto de 2019 a nome de P. M. Á. co NIF X e M. N. C. co NIF X e con enderezo en rúa La Cañada ".

CONDICIÓNS

A instalación da caseta realizarase no lugar da esplanada de Rodeira que lle sinala a concelleira delegada de servizos, condicionada a presente autorización a previo acordo de cambio de situación dos colectores do lixo, así como, á obtención de autorizacións preceptivas.

A autorización da instalación deberá condicionarse ás seguintes:

- a) O ben de dominio público que se autoriza, segundo o deseño presentado, destinarase única e exclusivamente a ocupación con caseta para venda de sandías e melóns en Rodeira. Prohíbese calquera outro destino.
- b) O réxime económico ao que se suxeite a autorización é o pagamento da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.
- c) Os beneficiarios da autorización asumirá todos os gastos de conservación e mantemento, impostos taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.
- d) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polos beneficiarios da autorización.
- e) A aceptación polos beneficiarios da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio de administracións públicas.
- f) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.
- g) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ao 31 de agosto de 2019.
- h) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.
- i) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para a tempada de verán do ano 2019.
- j) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.
- k) No non previsto no acto de autorización, reixerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio de administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais e demais normativa aplicable.





Expediente 1272/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1272/2019.- Conceder a J. N. C., a prórroga da licenza nº 23.382, por un período de trinta e seis meses, de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 26 de marzo de 2019.

Expediente 1148/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1148/2019.- A "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para en rúa Hérois de 1617, nº X-San Roque-Darbo (Nº SDG: X), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 18,00 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada en data 29 de xaneiro de 2019, redactada polo enxeñeiro técnico industrial R. P. F. e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil novecentos vinte e oito euros con vinteseite céntimos (2.928,27 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.





Expediente 4469/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4469/2018.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº X, para na rúa do Canudo, nº X-Coiro (Nº SDG: 248318060079), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 4,00 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, deconformidade coa documentación presentada en data 11 de setembro de 2018, redactada polo enxeñeiro técnico industrial R.P. F. e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo artigo 43.1 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 1520/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1520/2019.- Outorgar a M. J. I. V. , titular do DNI nºX con enderezo a efectos de notificacións no correo electrónico XX agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para construción de piscina en Baixada a Areamilla, nº X-Balea (referencia catastral X)





de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico J. P. Y., de data marzo de 2019. Condicionada a que deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro Inmobiliario, a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a cinco mil oito centos vinte e nove euros con corenta e oito céntimos (5.829,48 €).

Expediente 1486/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1486/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por G. C. B. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Insua, nº X-O Igrexario-O Hío, para cambio de portón e reparación de soleira no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos oitenta euros (3.980,00 €).

Expediente 1373/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1373/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. A. R. para cambio material de cubrición en edificación auxilliar sita en Outeiro, nº X-Balea-Darbo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico R. S. C. de data 9 de febreiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil cento sesenta euros (2.160,00 €).

Expediente 1398/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1398/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "NUESTRA SEÑORA DE DARBO", titular do CIF nº X con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Bueu, nº X-Cangas, para reparación de medianeira-fachada en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X) de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto J. A. F. M. de data marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a once mil oitocentos euros (11.800,00 €).






Expediente 1336/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1336/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. P. G. para reparación de terraza azotea na cuberta da vivenda sita en Lajes do Pico, nºX Balea-Darbo, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral X) O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos euros (500,00 €).		

Expediente 1298/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1298/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por R. R. R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa do Remuíño, nº X-Aldán-Cangas, para reformas interiores en edificación existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada de data marzo de 2019. O presuposto de execución material ascende a dous mil oitocentos corenta e tres euros con cincuenta céntimos (2.843,50 €).		

Expediente 1109/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1109/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. B. O. para construción de cerramento de 9,00 ml., na rúa Bouza Vella, nº X Nerga-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos euros (1.200,00 €).		

Expediente 1118/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1118/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "AUDIOLAR CB", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, nº X-baixo-Cangas, para acondicionamento de local para consulta de audioloxia no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico S. G. F. de data febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos cincuenta e tres euros con sesenta e oito céntimos (3.953,68 €).		





Expediente 1071/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1071/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. L. P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº X Cangas, para reforma de cociña e pasillo en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta G. H. N. de data febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos cincuenta e tres euros con sesenta e oito céntimos (3.953,68 €).		
Expediente 987/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento	
EXPEDIENTE Nº 987/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA", titular do CIF nº X con enderezo a efectos de notificacións no correo electrónico XX para reformas interiores en vivenda sita en rúa David Cal, nº X-O Hío (referencia catastral X) documentación incorporada ao expediente de data febreiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a once mil cento once euros con sesenta céntimos (11.110,60 €).		
Expediente 1089/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1089/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. S. S., para retirada de cubrición metálica en escaleira e terraza nunha superficie de 33,75 m2., e substitución de cuberta en porche de planta baixa nunha superficie de 18,75 m2., sito en rúa Erbello, nº X Madalena (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada e condicións impostas pola Deputación Provincial de vías e obras de data 25 de xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a mil catrocentos noventa e seis euros con vinte e cinco céntimos (1.496,25 €).		
Expediente 1061/2019. Comunicación previa en materia urbanística		
Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
EXPEDIENTE Nº 1061/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por B. I. L. F., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Real, nº X-Cangas, para reforma de baño e cociña en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 19 de febreiro de 2019.		





O presuposto de execución material ascende a mil seiscientos noventa e un euros con oitenta céntimos (1.691,80 €).

Expediente 1059/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 1059/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por E. M. L. C., para reformas interiores en vivenda sita na Avda. de Bueu, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil catrocentos trece euros con noventa e cinco céntimos (5.413,95 €).

Expediente 522/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 522/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "MAR DE PEDRA", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións no correo electrónico X, para colocación de portal ou cancela (de lonxitude de 2,50 metros) e valado a ambos lados, de lonxitude total de 4 metros, entre bloques de vivendas sitos na Avda. de Bueu, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico R. R. F. de data xaneiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos cincuenta euros (1.250,00 €).

A liña de cerramento non poderá exceder o arco que se produce unindo o vértice oeste do bloque 2 co vértice oeste do bloque 3, cun radio de 95,00 m., e que pasa a 4,74 m., do outro vértice do bloque 2, vista a acta de tira de cordas de data 25.03.2019.

Expediente 333/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 333/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS "EDIFICIO RANDE", para substitución de material de cubrición de cuberta sin afeción estrutural en edificio sito na Avda. de Marín, nº X-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico C. M. R. de data 15 de xaneiro de 2019 (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cincocentos cinco euros (8.505,00 €).





Expediente 2240/2018. C-18/07.	Adxudicación do contrato da obra "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira"
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dase conta da acta da mesa de contratación do día 31 de xaneiro de 2019, correspondente ao contrato da obra de "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira", que é como segue:

"Asunto: acta da mesa de contratación

1ª SESIÓN

Data e hora: 31.01.2018 ás 10:40 horas.

Lugar de realización: Sala de xuntas da Alcaldía.

Sendo ás 11:40 horas do día sinalado, previa convocatoria reúnen os membros da mesa de contratación que a continuación se indican, para o estudo e debate dos asuntos comprendidos na orde do día da convocatoria da sesión.

Asistentes á reunión:

Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela –alcalde

Vogais:

- E. P. L. –secretario municipal
- S. C. M. –interventor municipal
- A. M. R. A. –tesoureira municipal
- A. L. P. –arquitecto municipal
- M. G. S. –concelleira de obras e servizos

Secretaria da mesa: P. P. P. – técnica de administración xeral

Orde do día:

- PRIMEIRO.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).
- SEGUNDO.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159).
- TERCEIRO.- Subsanción.
- CUARTO.- Outros. Remisión de ofertas á técnica responsable do cálculo da puntuación.
- QUINTO.- Solicitud de aclaración.
- SEXTO.- Xustificación de oferta anormalmente baixa.
- SÉTIMO.- Incidencias.
- OITAVO.- Proposta adxudicación

Logo da constitución formal da mesa, a secretaria procede a informar dos licitadores que presentaron oferta durante o prazo conferido para o efecto (do 07.01.2019 ao 21.01.2019), e que son os seguintes:

	Razón social	NIF	Data presentación
1	Narom SL	B36163418	17-01-2019__ 12:26:51
2	Prace. Servicios y Obras SA	A70319678	18-01-2019 14:09:55





3	Explotaciones Mineras del Morrazo	SLB36405926	18-01-2019__16:30:53
4	Sodein Soluciones Integrales	SLB27808641	19-01-2019 __18:03:55
5	Movimientos de Áridos y Construcciones de Arosa SL	B36533537	21-01-2019 __13:09:43
6	Sestrama Ibérica	SLB27728492	21-01-2019 __13:39:30
7	Construcciones Vale	SLB36024933	21-01-2019 __18:44:01
8	Construcciones Fечи	SLB36258861	21-01-2019 __19:14:41
9	Nexia Infraestructuras	SLUB27802503	21-01-2019 __19:16:18

A continuación, en acto público ao que non asiste representante de ningunha empresa, procédese ao descifrado e descarga da documentación presentada electronicamente por cada licitador no sobre único.

Examinada a documentación administrativa, compróbase que todos cumpren os requisitos esixidos e non é necesario realizar requirimentos de emenda, sendo admitidos á licitación as 9 empresas presentadas. Acto seguido dase lectura a todas as ofertas económicas presentadas e dase traslado destas á arquitecta municipal para que proceda á súa valoración e puntuación. Sendo as 11:10 horas, procédese á suspensión da sesión, que proseguirá unha vez a mesa reciba o informe técnico solicitado.

2ª SESIÓN

Data e hora: 12.02.2019 ás 10:00 horas.

Lugar de realización: sala de xuntas da Alcaldía.

Sendo ás 10:10 horas do día sinalado, reúnense os membros da mesa de contratación que a continuación se indican, co fin de continuar a sesión suspendida o día 31.01.2019. Asisten:

Presidente: Xosé Manuel Pazos Varela –alcalde

Vogais: E. P. L. –secretario municipal
S. C. M. –interventor municipal
A. L. P. –arquitecto municipal
M. G. S. –concalleira de obras e servizos

Secretaria da mesa: P. P. P. –técnica de administración xeral
Asiste á reunión a arquitecta municipal M. I. M. F., quen informa:



MESA DE CONTRATACIÓN

VALORACIÓN ECONÓMICA DAS MELLORAS OFERTADAS Expediente núm.: C-18/07_2240/2018

Obra: "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonteferreira" → 81.534,60 €

[Redacted], arquitecta do Concello de Cangas, a instancia da mesa de contratación onde se me solicita se incorpore o expediente informe técnico valorado da puntuación relativa das ofertas no apartado de melloras, garantía e no de prazos ofertados por as empresas que presentaron oferta.

Revisada dita documentación incluída no expediente da obra "URBANIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DA RÚA FONTEFERREIRA" → IMPORTE : 81.534,60 €

INFORMA:

Realízase a puntuación relativa correspondente en función das unidades máximas ofertadas e o reparto

VALORACIÓN ECONÓMICA DAS MELLORAS OFERTADAS Expediente núm.: C-18/07_2240/2018
Obra: "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonteferreira" → 81.534,60 €

TABOAS AS UNIDADES OFERTADAS	CONSTRUC. CIÑOS FECHUS S.L.	CONSTRUC. CIÑOS VALE S.L.	EXFLOTADO MESINERAS MOBRADO S.L.	MOVIMENTO ABRIDOS CONSTRUCION DE LABORA S.L.	MAROM S.L.	MEIXA INFRAESTRUTURA S.S.L.E	FRACI. SERVIDOS OBRAS S.A	SESTRAMA IBERICA S.L.	SOBEN SOLUCIONES INTEGRALIA S.L.
REQUER. BANCOS DE PIEDRA	5	5,5	1	1	6	7	1	5	12
Melora xardenera mobiliario	1	6	1	1	2	10	1	5	5
REQUER. SUELO	129	129	20	10	82	150	20	40	120
Melora xardenera mobiliario	129	28	20	10	82	75	20	75	120
REQUER. BARRILAS electricas	1	4	1	1	1	4	1	1	3
REQUER. BARRILAS electricas	188	87	20	20	20	150	20	45	80
EXECUCION GARANTIA ANON	8	9	1	1	1	4	1	4	4
EXECUCION GARANTIA ANON	15	15	3	1	1	15	1	25	2
TOTAL BLOQUES	3	3	1	1	6	5	5	5	5

TABOAS A PUNTUACION	CONSTRUC. CIÑOS FECHUS S.L.	CONSTRUC. CIÑOS VALE S.L.	EXFLOTADO MESINERAS MOBRADO S.L.	MOVIMENTO ABRIDOS CONSTRUCION DE LABORA S.L.	MAROM S.L.	MEIXA INFRAESTRUTURA S.S.L.E	FRACI. SERVIDOS OBRAS S.A	SESTRAMA IBERICA S.L.	SOBEN SOLUCIONES INTEGRALIA S.L.
REQUER. BANCOS DE PIEDRA	1	7,91	1,67	1,67	5	3,80	1,67	4,17	10
Melora xardenera mobiliario	7,5	9	1	4,5	1	15	1	7,5	7,5
REQUER. SUELO	7,27	7,27	1,21	10	4,87	9,09	1,82	3,64	7,27
Melora xardenera mobiliario	14,54	9,09	2,42	20	9,94	9,09	3,64	9,09	14,54
REQUER. BARRILAS electricas	15	20	10	10	10	20	5	5	15
REQUER. BARRILAS electricas	2,6	2,90	1	1	1	5	0,68	1,5	2,67
EXECUCION GARANTIA	4,44	5	1,31	1,31	1,31	5,22	5	5,22	2,22
EXECUCION GARANTIA	3,33	3,33	1,67	5	2,5	3,33	2,5	2	2,5
TOTAL BLOQUES	68,88	71,51	25,68	60,28	45,52	79,56	31,29	41,12	70,7





	Razón Social	Puntos
1	Nexia Infraestructuras SLU	79,56
2		73,51
3	Construcciones Vale SL	
4	Sodein Soluciones Integrales SL	70,70
5	Construcciones Fechi SL	68,68
		60,28
6	Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa SL	
7	Narom SL	45,52
8	Sestrama Ibérica SL	44,12
9	Prace, Servicios y Obras SA	30,29
	Explotaciones Mineras del Morrazo SL	25,08

En consecuencia a mesa de contratación por unanimidade dos seus membros propón á Xunta de Goberno Local a adxudicación do contrato de obra "Mellora de servizos e pavimentación na rúa Valentín Losada", á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', con NIF nºX por importe de oitenta e un mil cincocentos trinta e catro euros con sesenta céntimos (81.534,60 €), co IVE incluído, un prazo de execución de 1,5 meses, prazo total de garantía de 6 anos e as melloras indicadas na súa oferta".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da acta da mesa de contratación transcrita, advertindo o erro na denominación da obra, de xeito que onde pon: "Mellora de servizos e pavimentación na rúa Valentín Losada", debe poñer: "Urbanización e accesibilidade da rúa Fonte Ferreira".

SEGUNDO.- Aprobar a acta da mesa de contratación transcrita coa salvidade sinalada no punto primeiro.

Expediente 2241/2018. C-18-08. Adxudicación da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar proposta da Alcaldía de data 05.04.2019, referente a adxudicación do contrato da obra de "Nova capa de rodadura en vieiros municipais", coa rectificación do apartado quinto da proposta de acordo, no que se refire aos apelidos da directora facultativa da obra, onde di: C. C. G., debe dicir: C. G. C..

"PROPOSTA ALCALDÍA

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra 'Nova capa de rodadura en vieiros municipais'.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', con NIF nº X, por importe de cento oitenta e sete mil





seiscentos corenta e catro euros con corenta e dous céntimos (187.644,42 €) (IVE incluído), e un prazo de execución de 6 meses.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma (registro de entrada nº 3051 de data 13 de marzo de 2019) a documentación requirida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de febreiro de 2019, relativa á garantía definitiva por importe de sete mil setecentos cincuenta e tres euros con noventa céntimos (7.753,90 €), mediante aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', con NIF nº X, por importe de cento oitenta e sete mil seiscentos corenta e catro euros con corenta e dous céntimos (187.644,42 €) (IVE incluído), e un prazo de execución de 6 meses o contrato administrativo de obra de 'Nova capa de rodadura en vieiros municipais'.

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 2018/0/1531/619/05 do orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaran adxudicatarios.

Cuarto.- Notificar a 'NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Quinto.- Nomear a Carmen Cancela Gómez como directora facultativa da obra.

Sexto.- Publicar anuncio da adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Sétimo.- Publicar a formalización do contrato no perfil do contratante.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP.

Noveno.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención e apoio xurídico, así como, ao responsable do contrato".

Expediente 824/2018. C-18/02. Proposta da alcaldía para prórroga do contrato de "Servizo de produción e infraestruturas para as festas do Cristo-2018. Lote 1"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 05.04.2019, referente a prórroga de contrato de "Servizo de produción e infraestruturas para as festas do Cristo -2018. Lote 1", que é como segue:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o informe do responsable do contrato emitido en data 29 de marzo de 2019 do seguinte teor literal:





“Que o contrato do dito lote 1, foi adxudicado á empresa 'CREACIONES LUMINOSAS SL', e asinado o día 13.08.2018, con importe total de trinta e un mil novecentos trinta e un euros con noventa céntimos (31.931,90 €), e na cláusula 3ª establece unha duración de 1 ano coa posibilidade de prórroga de 1 ano.

Que a empresa adxudicataria cumpriu estrictamente con todas as cláusulas presentadas no PPT, en materia de subministración, instalación, deseño e calidade, así como o mantemento da instalación os días de funcionamento tanto nas festas patronais como nas festas de Nadal.

Polo que solicito ao órgano Colexiado que ante a falta dun orzamento superior con base na calidade do servizo prestado por 'CREACIONES LUMINOSAS SL', acorde a prórroga do dito contrato para o ano 2019.”

Considerando o disposto na cláusula 4.2 do pregos aprobados por Xunta de Goberno Local en data 4 de xuño de 2018, que dispoñen:

“A prórroga será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses.”

Considerando a retención de crédito efectuada en data 3 de abril de 2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a prórroga do contrato de 'Servizo integral de Produción e infraestruturas para as festas do Cristo 2018. Lote I', asinado con 'Creaciones Luminosas SL', en data 13.08.2018, por un ano, de conformidade co establecido nos pregos e no contrato asinado.

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto de trinta e un mil novecentos trinta e un euros con noventa céntimos (31.931,90 €), co 21% de IVE incluído, con cargo á partida 2019/0/338/22699/02 do orzamento de 2019.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao adxudicatario cos recursos pertinentes”.

Expediente 1807/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

*CONCEDERLLE a S.I.C., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002663, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:





Concello de Cangas

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 64,00 € (12,80 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 25,60 €/mes (40% do custo total).

Número de horas: 5 horas (ampliables a un máximo de 10 horas mensuais).

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 8 de abril de 2019.

Expediente 1944/2019. Concesión de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

*CONCEDERLLE a E.C.B.R., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/000639, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de libre concorrência e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal
- Atencións de carácter psicosocial
- Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: 576,00 € (12,80 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 230,40 €/mes (40% do custo total).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 8 de abril de 2019.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Expediente 5387/2018. Proposta da xefa de urbanismo para aprobación de bases da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas (ARI -fase 13ª do Plan estatal 2018-2021) (Urxencia)

Favorable

Tipode
Unanimidade/Asentimento

votación:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte informe-proposta emitida en data 08.04.2019 pola xefa de urbanismo, referente a aprobación de bases da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na ARI do Concello de Cangas (FASE 13ª) Plan Estatal 2018-2021, que di:

"INFORME-PROPOSTA

Visto o acordo asinado entre o Ministerio de Fomento, o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas, o 26 de outubro de 2018, en relación ao financiamento das actuacións na Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Antigo e zona ampliada de Cangas, no marco do Rd 106/2018, de 9 de marzo de 2018, polo que se aproba o Plan Estatal 2013-2021.

PROPOÑO

Que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO CONCELLO DE CANGAS (FASE 13ª) PLAN ESTATAL 2018-2021

Estas bases realízanse en desenvolvemento do acordo suscrito o 26 de outubro de 2018 polo Ministerio de Fomento, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (a través do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, IGVS) e o Concello de Cangas, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2018 relativo á Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Antigo e zona ampliada de Cangas, Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Plan estatal de vivenda 2018-2021, en relación co papel xestor do Concello de Cangas para a execución dese plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

1.- OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da Área de rexeneración e renovación urbanas do Casco Antigo e zona ampliada de Cangas, con cargo ao novo convenio (Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2018) suscrito polo Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Cangas para tal obxecto, no marco do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo Terceiro da Resolución do 3 de agosto de 2018 do IGVS.

2.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das axudas os que asuman a responsabilidade da execución integral





da Área de rexeneración e renovación urbana da Áreas de rehabilitación integral delimitada pola actuación.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e no artigo Décimo sexto da Resolución do 3 de agosto de 2018 do IGVS.

Cando a execución da actuación lles corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada un deles. As persoas beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ó pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o seu importe como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación da propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase alguna das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

3.- OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

1.- Executar as actuacións de rehabilitación para as que se conceden as axudas, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.

2.- No caso de acollerse ás contías de subvención autonómica, destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou persoa inquilina, no suposto de que se destinen a alugueiro, por un prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 7 do Decreto 18/2014, do 13 de febreiro, e o artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugamento, para os casos en que se destine a esta finalidade. Tendo en conta que o contrato debe estar comprendido entre o día seguinte ao da cualificación definitiva e da data de resolución de concesión.

3.- Comunicarlle á Oficina da ARI de Cangas calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

4.- Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que o Concello de Cangas e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.

5.- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no





exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo Concello ou o IGVS.

6.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7.- De conformidade co disposto no artigo 31 do Real Decreto 887 de 2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38 de 2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a persoa beneficiaría da subvención deberá dar a axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da actividade obxecto de subvención. Así, calquera actuación subvencionada deberá colocar en lugar visible dende á vía pública, un cartel segundo modelo que se estableza.

8.- Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para o efecto, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de Galicia, toda a información necesaria para o cumprimento da obrigas previstas no título I da citada lei.

9.- As demais que deriven da Resolución do 3 de agosto de 2018 do IGVS (DOG 156 do 17 de agosto de 2018) e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

4.- ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables:

1.- As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.

2.- As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3.- A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas. Asemade, as obras que precisen de certificado final de obra, unha vez rematadas, deberán de acadar a preceptiva licenza de primeira ocupación.

As actuacións deberán axustarse ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As obras deberán executarse mediante técnicas e materiais que garantan a calidade construtiva e estética conforme á normativa vixente.

En ningún caso se subvencionarán elementos de moblaxe, electrodomésticos e elementos decorativos en xeral.

As actuacións que poderán acorrerse ás axudas en ningún caso deberán estar finalizadas na data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria. Poderán





estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2018-2021 (entrada en vigor do 11.03.2018), pero non con anterioridade. O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

O custo subvencionable incluirá, aos efectos de determinación do custo total das obras, os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto derivado da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

O custo subvencionable das obras, incluíndo os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo de redacción do proxecto, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios sinalados no punto anterior non poderán superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da Construción de Galicia 2017 ou normativa que a substitúa.

5.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello, en función da dispoñibilidade económica para as axudas e do número máximo de actuacións que se poidan conceder determinará as actuacións subvencionables.

A concesión de subvencións a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia. A selección de beneficiarios será por rigoroso orden de presentación da solicitude e de toda a documentación completa que se refire no apartado 12 desta convocatoria mediante os impresos normalizados anexos a ela, presentación que poderá facerse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A estes efectos será preceptivo que se faga constar o día e a hora de presentación. Para a efectividade da preferencia por data e hora de presentación da solicitude só se computarán as solicitudes que acompañen toda a documentación completa prevista no apartado 12 desta convocatoria de xeito que a preferencia virá establecida polo día e a hora de presentación do último documento previsto no dito apartado. Non se considerará aos efectos da preferencia, o día e a hora de presentación das certificacións previstas no número 4 do apartado 12 desta convocatoria, relativo á certificación de débedas coas administracións públicas, por tratarse de documentos que se deberán presentar antes da proposta municipal de cualificación definitiva. Tampouco se considerará aos efectos da preferencia calquera outro documento non explicitamente previsto no apartado 12 desta convocatoria que fora requirido polo Concello (de acordo coa letra e) do número 2 do dito apartado 12).

No caso de emenda de instancias, conservarán a preferencia por orden de entrada os solicitantes que incorresen en erro material ou aritmético nas súas solicitudes, pero os solicitantes que non achegaran toda a documentación terán a preferencia por orden de entrada do último documento a achegar dos esixidos de acordo co apartado 12 desta convocatoria.

No caso de que a expedición de algún dos documentos previstos no apartado 12 desta convocatoria tivese que ser expedido por outro organismo público, notaría ou rexistro da propiedade, bastará achegar a solicitude de expedición do documento ante os ditos organismos para conservar a preferencia que lle correspondese por orden de entrada.





Admitiranse solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública ou o número máximo de intervencións permitidas, dentro dos límites temporais previstos nesta convocatoria relativos ao remate da data de admisión de solicitudes.

6.- ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do citado RD 106/2018, que non poderá superar os prezos medios de mercado que para tales actuacións correspondan, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia 2017 ou a normativa que a substitúa.

7.- CONTÍAS DAS SUBVENCÍONS

A contía máxima das axudas non poderá exceder de forma individualizada do 40 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE), esta porcentaxe máxima poderá ser do 75% se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existan persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co Real decreto 106/2018 do 9 de marzo.

O importe das axudas económicas previstas estableceranse sobre o orzamento protexido as obras a realizar coa contía máxima seguinte:

a) Subvención estatal: de conformidade co ordinal décimo sétimo da Resolución do IGVS, de 3 de agosto de 2018, as contías das axudas son:

a.1) Establécese unha subvención xeral do 40% do orzamento protexido, entendendo este como o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do R.D. 106/2018, que non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan (ordinal décimo quinto da Resolución do IGVS do 3 de agosto). Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75% se os ingresos da unidade de convivencia son inferiores a 3 veces o IPREM ou se existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos e se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade.

a.2) En calquera caso, a contía máxima da subvención por cada vivenda obxecto de rehabilitación na Área de rexeneración e renovación urbana do Casco Antigo e zona ampliada de Cangas non poderá exceder de 12.000 euros, para os casos nos que se reduza a demanda enerxética establecida no artigo 36 do R.D. 106/2018, nin de 8.000 euros para o resto dos casos. No caso de edificios, incrementarase esta contía con 120 euros/m² de superficie construída de local comercial ou outros usos. No caso de edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que conten con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente, incrementarase esta contía en 1.000 euros/vivenda e 10 euros/m² de local comercial ou outros usos.





b) Subvención autonómica: O IGVS con cargo aos seus orzamentos, subvencionará ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

A contía das axudas nunca poderá superar a cantidade fixada, con independencia das variacións á alza que se puidesen producir na execución das obras por variación nos prezos de referencia ou circunstancias non tidas en conta no momento da resolución do expediente.

O custo das obras non poderá exceder os custes medios de mercado que a tales actuacións correspondan, tendo como referencia as distintas partidas da base de datos da construción de Galicia ou a que se elabore dende a Oficina da ARI.

En caso de que o importe das obras realmente executadas fose inferior ao previsto inicialmente, producirase o axuste da subvención concedida ata o importe que corresponda en función dos custos subvencionables das obras realizadas.

8.- COMPATIBILIDADE

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta, salvo que a persoa que as solicite fose beneficiaria, no mesmo ámbito de actuación, das axudas dos programas de fomento de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas e de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do RD 106/2018, do 9 de marzo do Plan estatal de vivenda 2018-2021, segundo o artigo Décimo noveno da Resolución do IGVS do 3 de agosto 2018.

9.- SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Deberá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

Para os edificios que xa a fixeran con anterioridade non é necesario repetila, salvo que o concello o considere oportuno.

10.- MEDIOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido nesta convocatoria, deberán dirixir a solicitude ao Concello de Cangas mediante a instancia normalizada e os impresos indicados nestas bases que se acompañarán como anexo desta convocatoria e obrarán dixitalmente na sede electrónica.

As solicitudes e a documentación presentaranse no rexistro do Concello de Cangas ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste proceso consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio





como unha única solicitude

11.- SOLICITUDE DE AXUDA E DOCUMENTACIÓN

1. Para poder ser persoa e/ou entidade beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como ANEXO I, segundo corresponda, desta convocatoria, que irá acompañada dos documentos que se especifican no apartado 4 do presente artigo.

2. As solicitudes de axuda cubriranse a través do formulario normalizado accesible dende a sede electrónica do Concello de Cangas.

3.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. Para a presentación das solicitudes por esta vía poderá empregarse o documento nacional de identidade electrónico ou os certificados dixitais emitidos polas autoridades de certificación da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT)

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica (tales como comunidades de propietarios, entre outras), as persoas que exerzan unha actividade profesional para a cal se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, as persoas representantes dunha das anteriores e as persoas empregadas das administracións públicas nos trámites realizados pola súa condición de empregado público.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda. Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en soporte papel en calquera dos lugares ou rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, empregando o formulario normalizado a tal efecto.

3. Xunto coa solicitude oficial das axudas (ANEXO I) deberá achegarse a seguinte documentación en copia simple:

a. Documentación xenérica:

b.

a.1) Fotocopia do D.N.I./N.I.F./N.I.E. do/a solicitante e, no seu caso, entidade ou do/a representante formalmente nomeado/a. Cando se actúe mediante representación, esta atribución expresa acreditarase por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna.

a.2) No caso de existir máis dunha persoa propietaria, autorización délas a unha persoa propietaria para a xestión, tramitación e cobro da subvención.

a.3) No caso de que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios, agrupacións de comunidades, agrupacións de persoas propietarias ou de sociedades cooperativas, presentarase ademais se procede:

- Copia do NIF da entidade.
- Documentación acreditativa da súa constitución.





- Documento acreditativo da representación con que se actúa.
- Xustificación da titularidade do edificio.
- Acordo da entidade na que se autorice a execución das obras e a solicitude de subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

a.4) Documento acreditativo da titularidade do inmovible ou da/s vivenda/s mediante contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de participación do legado hereditario, testamento ou certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible. No suposto de dereito de uso, deberase achegar autorización do/a propietario/a para a realización da obra.

a.5) No caso das comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, achegarase copia da escritura da división horizontal.

a.6) Nos supostos de arrendamento, se as obras son promovidas polo/a inquilino/a, deberá presentar fotocopia do contrato de arrendamento e documento acreditativo abondo da titularidade do inmovible por parte do/a propietario/a arrendador/a, en que se faga constar unha descrición destas e a autorización do/a propietario/a para realizadas, cando sexa esixible. Neste acordo deberá constar expresamente que entre as partes non existe parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade nin que son sodas ou partícipes de ningunha entidade conxunta.

a.7) Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todas as persoas copropietarias coa realización das obras e solicitude de subvención.

Cando as vivendas se encontren en réxime de copropiedade común ou comunidade de bens, a persoa solicitante deberá ser a residente habitual e permanente da vivenda, autorizada polos demais copropietarios. Cando a vivenda estivese baleira as persoas copropietarias ou comuneiras designarán a persoa solicitante por acorde entre elas.

a.8) Certificado acreditativo de discapacidade das persoas partícipes ñas obras e/ou das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, segundo o caso.

b. Documentación técnico-económica:

b.1) Para acceder ás axudas, o solicitante deberá contar cun proxecto técnico ou memoria valorada no que se describan as obras a executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar, achegando a documentación en formato papel ou dixital para o seu arquivo na Oficina de Rehabilitación. De non ser así e para o caso de obras menores, poderá solicitar que a memoria sexa redactada pola Oficina Municipal de





Rehabilitación nos termos definidos na presente convocatoria.

b.2) Cando resulte de aplicación, segundo o indicado no punto 4 do artigo 6 a, copia das tres ofertas solicitadas e, en caso de non optar pola máis vantaxosa, memoria xustificativa da diferente elección.

b.3) Xustificación do cumprimento da súa adecuación ao CTE e demais normativa de aplicación e, para as actuacións de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas (artigo 36 do PEV 2018-2021), os correspondentes documentos xustificativos do seu cumprimento.

b.4) Comunicación previa ou licenza de obras para a execución das obras ou solicitude destas.

c. Documentación acreditativa dos ingresos da unidade familiar do solicitante xustificando que os ingresos son inferiores a tres veces o IPREM.

d) Declaración responsable aos efectos de solicitar axudas.

d.1) Declaración de que non obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

d.2) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida para esa mesma finalidade, así como o seu importe.

d.3) Declaración de que non se lle revogou algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

d.4) Declaración de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Cangas, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d.5) Declaración xurada de que dedicará a vivenda a residencia habitual e permanente ou alugamento.

No caso de remodelación de edificios, declaración xurada de que o destino destes será para vivenda.

e) Autorización para a utilización de fotografías.

12.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará ó día seguinte da publicación desta convocatoria, que se fará no BOP.

O prazo de presentación de solicitudes xunto coa documentación prevista no apartado 11 será ata a data de finalización do convenio, salvo que con anterioridade se esgotase o crédito disponible ou o número de intervencións concedidas.





De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da lei 38/2003, do 17 de novembro, o contido desta convocatoria será publicado na “Base de datos nacional de subvenciones” e os seus extractos no diario oficial correspondente.

13.- PROCEDIMIENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS

a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, logo de presentada a solicitude, revisará a documentación achegada e, logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida dentro dos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, procederá a ditar resolución por órgano competente en relación ás solicitudes admitidas e ás solicitudes denegadas que non cumpran os requisitos, e a elaborar unha proposta de cualificación provisional que lle remitirá a Área Provincial do IGVS de Pontevedra.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e irá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan estatal de vivenda 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas ou entidades beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

O órgano competente para resolver sobre as cualificacións provisionais é a persoa titular da Xefatura Territorial do IGVS. A resolución pola que se outorgue a cualificación provisional conterá a identificación da persoa solicitante, describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido e o prazo de execución e de comunicación do final das obras.

Conforme coa Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, serán causas de denegación da cualificación provisional, as seguintes:


a) Que a actuación prevista non se atope entre as actuacións de rehabilitación acollidas neste programa.

b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Rd 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico firmado co Ministerio de Fomento.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución expresa, esta se entenderá denegada.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

b) Execución das obras.





O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello da data de comezo das obras mediante certificación de inicio de obra, no caso de ser requirido polo concello a través da Oficina Municipal de Rehabilitación.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de novembro de 2021.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da dirección facultativa conformada pola Oficina Municipal de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total das axudas solicitadas.

c) Remate das obras e cualificación definitiva.


Os promotores das actuacións comunicarán o remate da obra, co fin de obra no caso que o requira, con anterioridade ao 30 de novembro de 2021, de xeito que o concello conte con tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade á dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se conta con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas orixinais ou fotocopias e os documentos bancarios de pagamento orixinais ou fotocopias das anteditas actuacións e que estean pagados pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

Ademais as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pagamento. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

Documentos bancarios acreditativos do pagamento das facturas presentadas: Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet, se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica de dita entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o recibín do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas





e o acordo efectivo da subvención.

Serán causas da denegación da cualificación definitiva as seguintes:

- a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución da cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.
- b) Non executar as obras de conformidade coa licencia de obra ou comunicación previa e autorizacións sectoriais ou non cumprir as condicións impostas por elas.
- c) O incumprimento do prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.
- d) O incumprimento de calquera dos requisitos previstos no RD 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 e nesta convocatoria para obter a condición de persoa beneficiaria.

O Concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterà a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello que constituirá a memoria económica xustificativa do custo da actividade, regulada no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no Plan estatal de vivenda 2018-2021, na Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto a actuación como ás persoas e ás entidades beneficiarias.

As xefaturas territoriais do IGVS resolverán sobre a cualificación definitiva, onde constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento protexido. Fronte á dita resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

14.- PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificación acreditativa e expedida pola respectiva administración de estar ao corrente dos pagamentos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e co concello (que acadará o propio concello).
- c) Declaración responsable de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do





Plan 2018-2021.

O Concello aboaralles as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificará ante o IGVS os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 desta convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Os concellos aboarán as correspondentes subvencións ás persoas e entidades beneficiarias e xustificarán os pagamentos realizados tanto respecto ás subvencións estatais, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento, como das subvencións autonómicas. Estas xustificacións deberán realizarse ás correspondentes áreas provinciais do IGVS no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao que se tivesen realizados os oportunos pagamentos.

15.- DENEGACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo o artigo Vixésimo quinto, da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Consonte o artigo Vixésimo sexto, da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018:

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, suporá, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25%, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
2. En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
3. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.





4. O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

a) Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectidos no apartado 5 desta convocatoria.

b) Cometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

e) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

f) Calquera outra infracción que dispoña a normativa vixente.

16.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme co artigo vixésimo oitavo da Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018, os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 e outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

18. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:

– Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.





- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivienda 2018-2021.
- Resolución do IGVS do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa (publicada no DOG 156, do venres 17 de agosto de 2018).

Ademais será de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
 - Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
 - Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
 - Os convenios subscritos entre o Concello de Cangas, o Ministerio de Fomento e o IGVS relativos ás ARIS obxecto desta convocatoria.
 - Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
 - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 311/2018. Proposta da alcaldía para aprobación da conta xustificativa do programa CIM de 1 de abril de 2018 ata o 30 de marzo de 2019 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta da Alcaldía de data 08.04.2019, referente a aprobación de conta xustificativa do programa CIM, que di:

"Aprobación da conta xustificativa do programa CIM, de data do 1 de abril de 2018 ata o 30 de marzo de 2019

Con relación á axuda concedida a esta entidade polo importe total de vinte e cinco mil seiscientos trinta e nove euros con vinte e seis céntimos (25.639,26 €), para o programa CIM, abril 2018-marzo 2019, concedida ao abeiro da Resolución de 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia.





Visto o informe da intervención municipal de data do 03.04.2019, propoño á Xunta de Goberno Local:

* Aprobar a conta xustificativa do programa CIM, de data do 1 de abril de 2018 ata o 30 de marzo de 2019, polo importe total de cincuenta e nove mil douscentos dezaioito euros con cinco céntimos (59.218,05 €), de conformidade co seguinte desglose:

Primeiro.- Que a conta xustificativa con cargo á subvención concedida para o programa CIM 2018-2019, ascende a un total de cincuenta e nove mil douscentos dezaioito euros con cinco céntimos (59.218,05 €), en concepto de gasto de persoal municipal do programa CIM (do 01.04.2018 ao 31.03.2019), correspondendo corenta e catro mil trescentos nove euros con sete céntimos (44.309,07 €) a salarios brutos, e trece mil setecentos corenta e cinco euros con oitenta e cinco céntimos (13.745,85 €) á Seguridade Social, e mil cento sesenta e tres céntimos con trece céntimos (1.163,13 €), por asistencia técnica de atención psicolóxica do 10.08.2018 ao 30.09.2018.

Segundo.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e que se expresan no apartado primeiro.

Terceiro.- Declarar que se deu cumprimento coa finalidade da axuda concedida e os fondos se aplicaron ao fin obxecto da subvención.

Cuarto.- Que para esta mesma finalidade, que se xustifica, non foi solicitada nin obtida subvención de ningunha outra entidade pública ou privada, polo que o único importe que se vai percibir para este programa é o concedido a través da resolución mencionada".

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Expediente 1684/2019. Proposta do concelleiro de xuventude e voluntariado para aprobación das bases da "III Edición do certame de maquetas de grupos noveis -MUSICANGAS-" (Urxencia)

Favorable	Tipode Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	-----------------------------------	-----------

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 08.04.2019 do concelleiro de xuventude e voluntariado, referente a aprobación das bases da "III edición do certame de maquetas de grupos noveis MUSICANGAS", que é como segue:

"Andrés Garcia Bastón, concelleiro de xuventude e voluntariado do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación das bases da 'III edición do certame de maquetas de grupos noveis', para grupos e solistas de calquera estilo de música.

As bases que regulan esta convocatoria son as seguintes:





- 1ª) Co fin de promover e difundir a música independente de calquera estilo, convócase o 'III CERTAME DE GRUPOS NOVEIS MUSICANGAS'.
- 2ª) Non poderán participar aqueles que teñan na actualidade un contrato discográfico en vigor (admitiranse grupos con traballos discográficos autofinanciados por eles mesmos) nin os gañadores doutros certames.
- 3ª) Cada grupo ou solista deberá presentar un mínimo de DOUS TEMAS (máximo 15 minutos, sendo orixinais en canto a composición de letras e música).
- 4ª) No formulario de inscrición indícaranse OS TEMAS, no caso que se presenten máis de dous e serán os que o xurado tomará como inscritos, tendo que ser, orixinais en letra e música e que serán os que se interpreten en directo no concurso.
- 5ª) A maqueta será presentada en formato CD ou USB, ou ben remitindo as direccións dos enlaces dos temas en youtube. No exterior debe ir o nome do grupo ou solista.
- 6ª) Xunto á maqueta achegarase un DOSSIER que debe conter obrigatoriamente:
- Encabezado co nome artístico, biografía do grupo ou solista, nome dos compoñentes, idade, fotografías e ridder.
- IMPORTANTE: incluír correo electrónico, teléfono e dirección postal de contacto.
- 7ª) En ningún caso será devolto o material enviado.
- 8ª) O material deberá ser achegado por correo ordinario antes do día 12 de xullo (non se aceptarán traballos a man) a: Casa da Xuventude-rúa Real, nº 29-36940 Cangas.
- 9ª) O xurado presidido polo concelleiro delegado de mocidade e voluntariado do Concello de Cangas, estará composto por persoas cualificadas neste campo artístico: 1 técnico/técnica de son, 1 técnico/técnica de produción, 1 técnico/técnica de cultura, recaendo a secretaría na técnica responsable de xuventude. O concelleiro delegado de área será o encargado de nomear aos membros deste tribunal.
- 10ª) Outorgarase un único premio de cincocentos euros (500,00 €), ao gañador e 3 accésits de douscentos cincuenta euros (250,00 €). Estes catro grupos participarán nun festival o día 22 de agosto e a orde de actuación será proposta pola organización do festival.
- 11ª) O xurado poderá declarar deserto calquera destes premios.
- 12ª) Os participantes, aceptarán o faio do xurado, sendo este inapelable.
- 13ª) A inscrición e participación neste certame implica a aceptación da totalidade das bases e a propagación dos traballos en medios de comunicación.
- 14ª) O festival 'MUSICANGAS', adquire os dereitos de imaxe dos participantes do certame".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





Concello de Cangas

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

